

PROGRAMA DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR: FOMENTANDO A PARENTALIDADE POSITIVA

O exercicio positivo da parentalidade debe ser hoxe en día un valor, unha inversión de futuro e un recurso das sociedades, xa que ten un papel crucial no desenvolvemento integral das persoas.

Tódalas familias, nalgún momento das súas vidas, poden experimentar situacións estresantes e necesitar apoio ante os múltiples retos que deben afrontar como resultado de transicións ou crises vitais, dificultades económicas, cambios nas condicións sociais, deterioro dos lazos coa comunidade, dificultades para afrontar o rol parental ...

Por iso, o Concello de Chantada pon ao servizo das familias o **Programa de Educación e Apoio Familiar (PEAF)**, dende o que se realizará unha labor de acompañamento socioeducativo, información e asesoramento por parte de persoal especializado, unha Educadora Social. Un acompañamento ás familias na súa toma de decisións e na produción de respostas ós problemas que se produzan na súa traxectoria vital.

O PEAF persegue a promoción da autonomía, o desenvolvemento, a inclusión social e o benestar das familias, reforzando as súas competencias e habilidades e promovendo as relacións interpersoais e as redes de apoio.

OBXECTIVOS

- Promover a adquisición de competencias e capacidades das familias para un axeitado desenvolvemento das súas funcións parenterais, educativas, de crianza e socialización, dende a perspectiva da Parentalidade Positiva.
- Reforzar, estimular e potenciar os recursos persoais das familias, as súas capacidades e potencialidades para a solución das dificultades nas que se poidan atopar nas diferentes etapas do ciclo familiar, facéndoas partícipes e protagonistas do cambio.
- Previr, detectar e atender situacións e familias de elevada vulnerabilidade: infancia e adolescencia en situación de dificultade social, violencia familiar ...
- Facilitar o acceso a toda a información específica para as familias, así como aos recursos e servizos da comunidade (culturais, educativos, sanitarios, deportivos, de lecer...), promovendo a participación social.
- Promover o coñecemento e recoñecemento da diversidade familiar.

PERSOAS DESTINARIAS

O PEAFF do Concello de Chantada vai dirixido a tódalas familias con nenos, nenas e adolescentes ao seu cargo que residan no municipio e que precisen apoio para favorecer o cumprimento das súas necesidades, o benestar e a plena participación na comunidade. Atenderase de forma prioritaria ás familias que se atopen naquelas situacións e fases do ciclo familiar de maior vulnerabilidade, risco ou crise.

CONTACTO

Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Chantada.

Travesía da Praza de Galicia, 1 – 2º andar (Edificio Multiusos).

Teléfono: 982 46 22 99 / 689 503 603

Enderezo electrónico: educacionfamiliar@concellodechantada.org

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

O horario de atención ao público é de luns a venres de 9:30 a 14:30.